MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA PARA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO A REQUIRIMENTO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DO PERSOAL

En data 27/12/2024 recíbese no Instituto de Estudos do Territorio solicitude de memorias funcional e económica de postos da escala de técnicos especialistas en reprodución cartográfica.

No dito escrito se indica que co fin de que se poida proceder á elección de destino por parte das persoas que superaron o proceso selectivo de estabilización, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, da escala técnica de técnicos especialistas en reprodución cartográfica, subgrupo C1 (Dog, número 244, do 26 de decembro) nas cinco prazas desta escala técnica, débese emitir memoria económica e funcional para os efectos de tramitar a correspondente proposta de modificaicón da relación de postos de traballo consistente na creación dos cinco postos correspondentes ás cinco prazas convocadas.

En resposta ao dito requirimento, cabe facer mención de que a modificación proposta obedece principalmente aos cambios producidos no vínculo xurídico dunha parte do persoal do IET, derivados dos procesos selectivos do persoal laboral con destino neste organismo. Cómpre proceder á actualización de prazas a consecuencia das tomas de posesión que se van derivar da RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2022 pola que se convoca o procesoselectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso,para o ingreso no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1; para o ingreso no corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo B, e para o ingreso nas categorías 3, 12, 15, 34, 36, 37, 43, 52, 54, 54B, 66, 71, 94, 98, 100, 101, 103, 104 do grupo III de persoal laboral da Xunta de Galicia e persoal laboral propio do Cixtec (grupo III).

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

CVE: CbIYIDBhZIn9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa Disposición adicional quinta, número 5, modifica o cadro do número 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidade	Grupo	Funcións	Titulación
Escala de técnicos especialistas en reprodución cartográfica		C1	– Captura de información xeográfica. – Operacións de fotogrametría: restitución dixital. – Actualización de bases de datos xeográficas. – Preparación e maquetación de información xeográfica. – Dixitalización de información xeográfica. – Publicación e impresión de información xeográfica. – Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Bacharelato ou técnico

A motivación da creación da citada escala ven dada polo feito de que o Instituto de Estudos do Territorio ten como funcións fundamentais os estudos do territorio, a planificación, ordenación e xestión da paisaxe e a xestión dos Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía da Xunta de Galicia.

Para o correcto desenvolvemento destas funcións é fundamental dispoñer de persoal con profundos coñecementos e formación nos sistemas de información xeográfica.

A día de hoxe ningunha administración autonómica pode prescindir dun sistema de calidade de información xeográfico corporativo (Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da acti-

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

CVE: CbIYIDBhZIn9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

vidade cartográfica de Galicia) para dar resposta aos distintos departamentos con competencias na xestión do territorio para o desenvolvemento das súas funcións sectoriais, así como dispoñer da dita información a cidadanía (Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno)

O Instituto de Estudos do Territorio ten como funcións fundamentais os estudos do territorio, a planificación, ordenación e xestión da paisaxe e a xestión dos Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía da Xunta de Galicia.

Dun modo sintético podemos sinalar como principal necesidade a de garantir a continuidade dos proxectos nos que está involucrado este organismo de acordo coas súas funcións. A situación actual en materia de información xeográfica e as accións a realizar neste sentido para os seguintes catro anos na contorna da Xunta de Galicia, concretáronse nun documento denominado Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica (PGCIX), que foi aprobado no ano 2021. Neste exhaustivo documento ponse de manifesto as necesidades existentes en materia de información xeográfica, manifestadas pola práctica totalidade dos departamentos da Xunta.

Por outra banda, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia -a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático- asinou o 1 de xuño de 2010 o oportuno convenio de colaboración coa Administración xeral do Estado, en virtude do cal a Comunidade Autónoma se integrou no Sistema cartográfico nacional, con participación plena, e na que o IET exerce como representante da comunidade autónoma tanto nas comisións especializadas como nos respectivos grupos de traballo, para os que se precisa contar con técnicos cualificados que aporten coñecementos ao respecto.

Cómpre mencionar tamén que, ao longo destes anos, asináronse distintos Convenios de colaboración ou encomendas de xestión co Instituto Xeográfico Nacional, moitos deles que aínda seguen vixentes ou foron recentemente asinados, e que unicamente poden satisfacerse tendo un persoal altamente especializado en SIX. Todo isto sen descoñecer as necesidades da propia administración autonómica e local en materia de planificación e ordenación do territorio.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

CVE: CbIYIDBhZIn9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Co fin de proporcionar solucións aos problemas relacionados coa dispoñibilidade, calidade, organización, accesibilidade e posta en común de información xeográfica, a Unión Europea puxo en marcha no ano 2002 unha iniciativa que dá como resultado a aprobación dunha Directiva comunitaria (Inspire) para establecer unha infraestrutura de información espacial que sexa de axuda á hora de adoptar medidas relativas a políticas e actuacións que poidan incidir directa ou indirectamente no medio ambiente. En base a esta norma europea, desenvolvéronse a lexislación nacional (LISIGE) e autonómica (Decreto 14/2017) que temos a obriga de cumprir para asegurar que as infraestruturas de datos espaciais sexan compatibles e interoperables nun contexto comunitario e transfronteirizo.

A Directiva esixe que se adopten Normas de Execución comúns (Implementing Rules) específicas para as seguintes áreas: metadatos, especificacións de datos, servizos de rede, servizos de datos espaciais, datos e servizos de uso compartido e seguimento e informes.

Se queremos dar resposta ás funcións que temos encomendadas e aos retos técnicos e compromisos actuais e futuros do Instituto, o primeiro que temos que facer é contar con persoal técnico capacitado para levalos a cabo. Do anteriormente dito deríva-se a necesidade que ten a Xunta de Galicia no seu conxunto, e o Instituto como coordinador destas, de contar con especialistas coas habilidades descritas.

Con base en todo isto creouse a correspondente escala sen que iso supuxera un custe engadido xa que os postos para os que se crearon estas especialidades están dotados orzamentariamente, figuran no cadro de persoal do IET e son os que a seguir se indican:

Codigo actual do posto	Descrición do posto	Categoría vixente Admón	Funcións que desempeñan
MAO319999915770165	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA	III-91	Información xeográfica
MAO319999915770166	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA	III-91	Información xeográfica
MAO319999915770167	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA	III-91	Información xeográfica
MAO319999915770168	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA	III-91	Información xeográfica
MAO319999915770170	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA	III-91	Información xeográfica

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

CVE: CbIYIDBhZIn9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non obstante, estes postos por mor do proceso selectivo extraordinario de estabilización, derivado da Lei 20/2021, convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2022 deben figurar na relación de postos de traballo do IET coas características que a seguir se indican:

Codigo do posto	descricion_posto	Subgrupo	Nivel	Forma de provisión	Corpo/Escala	Formación Específica
MAO310000015770165	Técnico Especialista en Reprodución Cartográfica	C1	14	Concurso	Técnicos especialistas en reprodución cartográfica	578/992
MAO310000015770166	Técnico Especialista en Reprodución Cartográfica	C1	14	Concurso	Técnicos especialistas en reprodución cartográfica	578/992
MAO310000015770167	Técnico Especialista en Reprodución Cartográfica	C1	14	Concurso	Técnicos especialistas en reprodución cartográfica	578/992
MAO310000015770168	Técnico Especialista en Reprodución Cartográfica	C1	14	Concurso	Técnicos especialistas en reprodución cartográfica	578/992
MAO310000015770170	Técnico Especialista en Reprodución Cartográfica	C1	14	Concurso	Técnicos especialistas en reprodución cartográfica	578/992

En todos eses postos ademais cómpre ter en conta, como característica común a todos eles:

Adscrición Función pública	AXG (Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia)
Titulación académica	(en branco)

VALORACIÓN ECONÓMICA DA PROPOSTA:

Co fin de dar cumprimento ao requirimento efectuado polo escrito da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal do 27/12/2024, efectúase a valoración económica dos postos que actualmente figuran no cadro de pesoal do IET e os postos que deben ser creados na relación de postos de traballo do IET.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

CVE: CbIYIDBhZIn9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

(Tomouse como referencia o 30% para o cálculo do custo da Seguridade Social)

Postos actualmente no cadro de persoal do IET

Liña orzamentaria	G - N/C	Efectivos	Importe anexo	IPC galego	SS	Total
1405	III-91	5	119.965,40 €	453,95 €	36.125,80 €	**156.545,15 €**

Postos a crear na RPT do IET

Liña orzamentaria	G - N/C	Efectivos	Importe anexo	IPC galego	SS	Total
	C1-14	5	120.426,60 €	455,69 €	36.264,69 €	157.146,98 €

Déficit	**601,83 €**

Os postos que actualmente están no cadro de persoal do IET son os seguintes:

MAO319999915770165	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
MAO319999915770166	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
MAO319999915770167	Non ten ocupante
MAO319999915770168	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
MAO319999915770170	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director do Instituto de Estudos do Territorio
Enrique Luis de Salvador Sánchez

Asinado por: DE SALVADOR SANCHEZ, ENRIQUE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 08/01/2025 15:07:19

CVE: CbIYIDBhZIn9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve